

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 14 DE XUÑO DE 2022

Ás 10:05 horas do día 14 de xuño de 2022, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 9 de xuño, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos da Dirección de Ingresos
D^a. Ruth María Gallego Santos, como suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento e da xefa do Servizo de Electromecánicos (asiste aos puntos 2a, 2c, 4a, 4c, 11b e 11c)
D. Guillermo López Domínguez, xefe do Servizo de Extinción de Incendios (asiste aos puntos 2b e 4b)
D^a. Cristina Chao Polo, xefa do Servizo de Festas (asiste ao punto 11a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Encauzamento das escorrentías superficiais no contorno da rúa Paz Pardo" (1.082-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descrición pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
 2. LAPATIÁN, S.L.
 3. NAROM, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:22	Páxina 1 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AD43-5F2H2F-2HA64C-VMD7SW-8DPHCG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b) Procedemento aberto da prestación, integración cos sistemas municipais de información e soporte técnico dun software, en modalidade de "Software as a service" (SAAS), para a xestión integral de parques para o Servizo Contraincendios do Concello de Vigo (6.610-213) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 8 de xuño de 2022, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días a DRAGCLIC, S.L. para que emendase a documentación persoal. Dentro do prazo concedido o licitador presentou documentación.

Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- Non admitir neste procedemento a DRAGCLIC, S.L. por non ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos. A pesar de que presentou a documentación requirida, o DEUC, este non está debidamente cumprimentado dado que contén dúas preguntas sen contestar ("*Convenio con los acreedores ¿Ha celebrado el operador económico un convenio con sus acreedores?*" e "*Activos que están siendo administrados por un liquidador ¿Están los activos del operador económico siendo administrados por un liquidador o por un tribunal?*").

c) Procedemento aberto para a contratación mixta do mantemento integral das instalacións electromecánicas e de iluminación pública viaria do Concello de Vigo (52.198-444)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "*Documentación persoal*", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. UTE EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A. - MANTEN, S.L. (porcentaxe de participación na UTE ao 55%-45% respectivamente)
 2. UTE FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.U. - FCC INDUSTRIAL E



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:22	Páxina 2 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AD43-5F2H2F-2HA64C-VMD7SW-8DPHCG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



- INFRAESTRUCTURAS ENERGÉTICAS, S.A.U. (percentaxe de participación na UTE ao 50%)
3. FERROVIAL CONSTRUCCIÓN, S.A.
 4. IMESAPI, S.A.
 5. UTE ORECO BALGON, S.A. - CONSTRUCC. INST. Y TRACCIÓN, S.A. (percentaxe de participación na UTE ao 50%)
 6. UTE S.I.M. RUBATEC, S.A. - VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A. (percentaxe de participación na UTE ao 50%)
 7. UTE SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS, S.A. (SECE) - ELEUKON GLOBAL, S.L.U. (percentaxe de participación na UTE ao 60%-40% respectivamente)
 8. UTE TECNOCONTROL SERVICIOS, S.A. - SIEL VIGO, S.L. (percentaxe de participación na UTE ao 50%)

Faise constar que EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A. e IMESAPI, S.A. declaran que pertencen ao mesmo grupo de empresas.

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Encauzamento das escorrentías superficiais no contorno da rúa Paz Pardo" (1.082-441)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto da prestación, integración cos sistemas municipais de información e soporte técnico dun software, en modalidade de "Software as a service" (SAAS), para a xestión integral de parques para o Servizo Contraincendios do Concello de Vigo (6.610-213)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación mixta do mantemento integral das instalacións electromecánicas e de iluminación pública viaria do Concello de Vigo (52.198-444)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda:

- Conceder un prazo de tres días á UTE SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS, S.A. (SECE) - ELEUKON GLOBAL, S.L.U. para que poida emendar a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:22	Páxina 3 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AD43-5F2H2F-2HA64C-VMD7SW-8DPHCG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

sinatura da documentación recollida no sobre B. Na documentación presentada no sobre A, consta como representante da empresa ELEUKON GLOBAL, S.L.U. D. José Alfonso Sousa Vázquez, se ben a documentación relativa aos criterios de xuízo de valor só está asinada pola representante de SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS, S.A. (SECE).

Para a emenda da documentación o licitador deberá presentar un escrito asinado polo representante de ELEUKON GLOBAL, S.L.U. no que subscriba a oferta presentada o 3 de xuño de 2022. Se o licitador cre que isto tamén puido suceder no sobre C, e sen que en ningún caso nos adiante o seu contido, pode no mesmo escrito subscribir os dous sobres.

- Unha vez presentada a documentación requirida, solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción de plans de emerxencia e autoprotección e coordinación de seguridade para eventos programados polo Servizo de Festas (9.174-335)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción de plans de emerxencia e autoprotección e coordinación de seguridade para eventos programados polo Servizo de Festas (9.174-335)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 21 de abril de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do contrato da prestación do servizo de redacción de plans de emerxencias e autoprotección e coordinación de seguridade para os eventos programados polo Servizo de Festas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:22	Páxina 4 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AD43-5F2H2F-2HA64C-VMD7SW-8DPHCG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 29 de marzo de 2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do 11 de abril de 2022 redactado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación 43.076,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 71.200,00 € con cargo a aplicación orzamentaria 3380.227.0600 "Estudios e Traballos Técnicos" do programa orzamentario de Festas para o exercicio 2022.

A distribución por anualidades (con IVE) é a seguinte:

- 34.460,80 € (80% de 43.076,00) para o ano 2022*
- 8.615,20 € (20% de 43.076,00) para o ano 2023*

A distribución por anualidades (con IVE) desglosada para cada LOTE é a seguinte:

LOTE 1

- 16.310,80 (80% de 20.388,50 €) para o ano 2022*
- 4.077,70 (20% de 20.388,50 €) para o ano 2023*

LOTE 2

- 18.150,00 (80% de 22.687,50 €) para o ano 2022*
- 4.537,50 (20% de 22.687,50 €) para o ano 2023*

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 3 de xuño de 2022 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 25 de maio de 2022, de APPLUS NORCONTROL, S.L.U. e INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. dos lotes 1 e 2 deste procedemento por non acadar o umbral mínimo do 50% da puntuación (20 puntos) esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción de plans de emerxencia e autoprotección e coordinación de seguridade para eventos programados polo Servizo de Festas (9.174-335) na seguinte orde descendente:

- Lote 1 "Servizo de redacción de Plans de emerxencia e Autoprotección e coordinación da seguridade para grandes eventos":*

	Licitador	Puntuación total
1	PEDRO MURCIEGO DELGADO	74,75 puntos
2	NURIA BALBOA RODRÍGUEZ	61,00 puntos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:22	Páxina 5 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AD43-5F2H2F-2HA64C-VMD7SW-8DPHCG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- *Lote 2 "Servizo de redacción de Plans de emerxencia e Autoprotección e coordinación da seguridade de actividades e espectáculos de pequeno formato":*

	Licitador	Puntuación total
1	NURIA BALBOA RODRÍGUEZ	81,00 puntos

*Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, PEDRO MURCIEGO DELGADO (**.*08.87*) (lote 1) e NURIA BALBOA RODRÍGUEZ (**.*81.20*) (lote 2), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, PEDRO MURCIEGO DELGADO (**.*08.87*) (lote 1) e NURIA BALBOA RODRÍGUEZ (**.*81.20*) (lote 2), o día 3 de xuño de 2022, que presentan a documentación requirida o 7, 8 e 9 de xuño de 2022, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 9 de xuño de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PEDRO MURCIEGO DELGADO (**.*08.87*) (lote 1) e NURIA BALBOA RODRÍGUEZ (**.*81.20*) (lote 2), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:22	Páxina 6 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AD43-5F2H2F-2HA64C-VMD7SW-8DPHCG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PEDRO MURCIEGO DELGADO (**.*08.87*) (lote 1) e NURIA BALBOA RODRÍGUEZ (**.*81.20*) (lote 2), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 23 e 31 de maio de 2022, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 25 de maio de 2022, de APPLUS NORCONTROL, S.L.U. e INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. dos lotes 1 e 2 deste procedemento por non acadar o umbral mínimo do 50% da puntuación (20 puntos) esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP.

*Adxudicar a PEDRO MURCIEGO DELGADO (**.*08.87*) o lote 1 "Servizo de redacción de Plans de emerxencia e Autoprotección e coordinación da seguridade para grandes eventos" do procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción de plans de emerxencia e autoprotección e coordinación de seguridade para eventos programados polo Servizo de Festas (9.174-335) coas seguintes condicións:*

- a) O prezo máximo do lote é de 20.388,50 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.538,50 euros.*
- b) Oferta unha porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos consignados no apartado 3.G desta FEC do 15%.*
- c) O medio persoal mínimo á adscribir á execución do contrato elaborou nos últimos 5 anos 19 plans de Autoprotección para actividades de espectáculos públicos e recreativas, conforme ao RD 393/2007, de 23 de marzo polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección.*

*Adxudicar a NURIA BALBOA RODRÍGUEZ (**.*81.20*) o lote 2 "Servizo de redacción de Plans de emerxencia e Autoprotección e coordinación da seguridade de actividades e espectáculos de pequeno formato" do procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción de plans de emerxencia e autoprotección e*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:22	Páxina 7 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AD43-5F2H2F-2HA64C-VMD7SW-8DPHCG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

coordinación de seguridade para eventos programados polo Servizo de Festas (9.174-335) coas seguintes condicións:

- a) O prezo máximo do lote é de 22.687,50 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.937,50 euros.
- b) Oferta unha porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos consignados no apartado 3.G desta FEC do 20%.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Conexión peonil entre as rúas Serafín Avendaño e Vía Norte no Concello de Vigo” (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – Next Generation EU) (1.200-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de “Conexión peonil entre as rúas Serafín Avendaño e Vía Norte no Concello de Vigo” (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – Next Generation EU) (1.200-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 1 de abril de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “CONEXIÓN PEONIL ENTRE AS RÚAS SERAFIN AVENDAÑO E VÍA NORTE NO CONCELLO DE VIGO”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos Miguel Sacristán Montesinos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:22	Páxina 8 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AD43-5F2H2F-2HA64C-VMD7SW-8DPHCG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 25.03.2022.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de "DOCE MILLÓNS SEISCENTOS SETENTA E SEIS MIL CORENTA E OITO EUROS CON SETENTA E NOVE CÉNTIMOS" (12.676.048,79 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 2.199.975,41 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1532 6090063 "FRTR-EU ACCESO S.AVENDAÑO V.NORTE". Ao ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:

2022	2.770.489,89 €
2023	9.905.558,90 €
TOTAL	12.676.049,79 €

Cuarto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 357,54%.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 3 de xuño de 2022 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de "Conexión peonil entre as rúas Serafín Avendaño e Vía Norte no Concello de Vigo" (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia - financiado pola Unión Europea - Next Generation EU) (1.200-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	UTE FERROVIAL CONSTRUCCIÓN, S.A. - ORECO BALGON, S.A.	90,03
2	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	89,43
3	UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - EXTRACO, CONSTRUCCIÓN E PROXECTOS, S.A.	81,25

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE FERROVIAL CONSTRUCCIÓN, S.A. - ORECO BALGON, S.A. (A-28.019.206 e A-36.614.691,



respectivamente), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE FERROVIAL CONSTRUCCIÓN, S.A. - ORECO BALGON, S.A., o día 3 de xuño de 2022, que presenta a documentación requirida o 13 de xuño, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 13 de xuño de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, UTE FERROVIAL CONSTRUCCIÓN, S.A. - ORECO BALGON, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por UTE FERROVIAL CONSTRUCCIÓN, S.A. - ORECO BALGON, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:22	Páxina 10 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AD43-5F2H2F-2HA64C-VMD7SW-8DPHCG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

avaliables mediante fórmula, de datas 30 de maio e 2 de xuño de 2022, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar á UTE FERROVIAL CONSTRUCCIÓN, S.A. - ORECO BALGON, S.A. (A-28.019.206 e A-36.614.691, respectivamente) o procedemento aberto para a contratación das obras de "Conexión peonil entre as rúas Serafín Avendaño e Vía Norte no Concello de Vigo" (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – Next Generation EU) (1.200-441) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 12.561.964,35 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.180.175,63 euros.*
- b) *Propón as seguintes melloras:*
 - *MELLORA DE CERRAMENTO EN VIDRO (PM1). Cuantificada en 1.024.583,84 euros (PEM)*
 - *MELLORA EN PAISAXISMO (PM2). Cuantificada en 42.893,33 euros (PEM).*
 - *SISTEMA DE INSTRUMENTACIÓN E MONITORAXE ESTRUTURAL (PM3). Cuantificada en 34.716,74 euros (PEM)*
 - *IMPLANTACIÓN DUN SISTEMA DE AVALIACIÓN DE INDICADORES (PM4). Cuantificada en 122.300,00 euros (PEM)*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Romil fase I" (976-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:22	Páxina 11 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AD43-5F2H2F-2HA64C-VMD7SW-8DPHCG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Romil fase I" (976-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 14 de outubro de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA ROMIL FASE I" redactado polos Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos Santiago Javier Pérez Vázquez e Ignacio Teijeiro Calvo, cun orzamento base de licitación máis IVE de 1.229.999,99 €.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 24/08/2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de UN MILLÓN DOUSCENTOS VINTE E NOVE MIL NOVECENTOS NOVENA E NOVE EUROS con NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (1.229.999,99 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 213.471,07 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do concello de vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.93 (HUM. RÚA ROMIL), segundo a distribución de anualidades proposta.

2021	1,229,999.99 €
TOTAL	1,229,999.99 €

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 3 de xuño de 2022 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento a ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados sen que se tivese presentado xustificación ningunha en prazo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:22	Páxina 12 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AD43-5F2H2F-2HA64C-VMD7SW-8DPHCG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Romil fase I" (976-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	97,29
2	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	96,34
3	ORECO, S.A.U.	94,38
4	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	92,58
5	OBRAS, PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES, S.L.	88,72
6	NAROM, S.L.	87,77
7	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	76,74
8	TERRAQUA SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	72,56
9	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	67,83

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (A-36.008.886), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., o día 3 de xuño de 2022, que presenta a documentación requirida o 10 de xuño, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 13 de xuño de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarse aos licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).



Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 5 e 26 de maio de 2022, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *"Tomar razón da exclusión adoptada pola concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 3 de xuño de 2022, de ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados sen que se tivese presentado xustificación ningunha en prazo.*
2. *Adxudicar a CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (A-36.008.886) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Romil fase I" (976-441) por un prezo total de 1.039.226,99 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 180.361,71 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:22	Páxina 14 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AD43-5F2H2F-2HA64C-VMD7SW-8DPHCG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - (MARÍA ISABEL FERNÁNDEZ GABRIEL) 15/06/2022 10:07:03 | INTERVENTORA ADXUNTA - (OLGA GOMEZ CORBAL) 15/06/2022 10:22:44 | TÉCNICO MEDIO
SERV.ECONÓMICOS - (PABLO VARELA BALLESTEROS) 15/06/2022 10:56:46 | TÉCNICA DE XESTIÓN - (RUTH MARIA GALLEGO SANTOS) 15/06/2022 12:30:23 | XEFA DO SERVIZO DE FESTAS - (MARIA CRISTINA CHAO
POLO) 15/06/2022 12:33:30 | XEFE SERVIZO EXTINCIÓN INCENDIOS - (GUILLERMO DOMÍNGUEZ LÓPEZ) 17/06/2022 08:50:49 | TÉCNICA ADMINISTRACIÓN XERAL - (ANGELA FERNÁNDEZ LÓPEZ) 17/06/2022 09:00:14 |

Documento asinado



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:22	Páxina 15 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AD43-5F2H2F-2HA64C-VMD7SW-8DPHCG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		